

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 23 DE ABRIL DO 2026.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA</p> <p align="center">Membros que asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e tres de Abril do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 16/04/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/189

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 14/04/2026. DECRETO: "PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN PROTECTORA "ASOCIACIÓN SAVE AN ANGEL-LOS OLVIDADOS DE LA PERRERA DE RIBEIRA-ADOPTA" PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/209

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/04/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO



ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN ALLEO NAS SÚAS CATRO ESPECIALIDADES
NO CONCELLO DE RIBEIRA”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202604/323

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 21/04/2026. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CATERING PARA A CELEBRACIÓN DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2026”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202614/330 (INT.)

Foi retirado da Orde do Día a dación de conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 21/04/2026. DECRETO: “Aprobación das bases da convocatoria para a utilización dos bonos AMARIBEIRA2026 en formato QR dentro do plan de fortalecemento do pequeno comercio local de Ribeira”

6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 17/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.982), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), os días 18 e 25/04/2026, 2, 9, 16, 23 e 30/05/2026, 6, 13, 20, e 27/06/2026, 4, 11, 17 ao 25/07/2026, 8, 15, 21, 22, 23 e 29/08/2026, Na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira); e outro posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), o día 05/07/2026, na contorna ao carón do adro da igrexa parroquial (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), **o día 25/04/2026**, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira). As demais solicitudes de autorización para a instalación de posto de venda ambulante deberá solicitálas gradualmente, segundo se acerquen as datas do seu interese e coa debida antelación.
- Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



7.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhamad

Visto o escrito presentado por **Akram Muhamad**, de data 20/04/2026 (Registro de entrada nº 9.118), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Comida), o día 30/04/2026, en Palmeira, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Akram Muhamad**, de data 20/04/2026 (Registro de entrada nº 9.118), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Comida), o día 30/04/2026, en Palmeira, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.
- b) **Antes do inicio da actividade deberá presentar a correspondente documentación necesaria (imposto de actividades económicas, seguro de responsabilidade civil, carné de manipulador de alimentos, ...)**
- c) **Deberá instalar o posto fóra da área de dominio de Portos de Galicia.**
- d) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- e) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- f) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- g) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Iván Pérez Monteagudo

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **LOCAL DE ACADEMIA DE ENSEÑANZA, (epígrafe IAE 933.9)**, no lugar de **Rúa Abesadas nº 1 B, Ribeira** e do que é promotor **D. IVÁN PÉREZ MONTEAGUDO, (D.N.I.***359***)**, (anterior titular: **Susana Figueirido Woodford, DNI ***408*****), **LICENZA CONCEDIDA POR DECRETO DE ALCALDÍA DE 27 DE XANEIRO DE 2003**).

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 21/04/2026.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do cambio de titularidade da actividade para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para



LOCAL DE ACADEMIA DE ENSEÑANZA, (epígrafe IAE 933.9), no lugar de Rúa Abesadas nº 1 B, Ribeira e do que é promotor D. IVÁN PÉREZ MONTEAGUDO, (D.N.I. *359***), (anterior titular: Susana Figueirido Woodford, DNI ***408***), LICENZA CONCEDIDA POR DECRETO DE ALCALDÍA DE 27 DE XANEIRO DE 2003).**

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

9.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Iria Crujeiras Pérez

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **LOCAL DE SERVICIO DE OBRADOIRO DE COMERCIO POLO MIÚDO DE PAN, PASTELERÍA, CONFEITERÍA E SIMILIARES DE LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS, (epígrafe IAE 644.1)**, no lugar de Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 1, Ribeira e do que é promotor **DNA. IRIA CRUJEIRAS PÉREZ, (D.N.I. ***874***), (anterior titular, propietaria do local: María del Carmen Sanlés Martínez, TOMA DE COÑECEMENTO DE APERTURA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE ABRIL DE 2026).**

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 21/04/2026.



EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **cambio de titularidade da actividade** para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **LOCAL DE SERVICIO DE OBRADOIRO DE COMERCIO POLO MIÚDO DE PAN, PASTELERÍA, CONFEITEIRÍA E SIMILIARES DE LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS, (epígrafe IAE 644.1)**, no lugar de **Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 1, Ribeira** e do que é promotor **DNA. IRIA CRUJEIRAS PÉREZ, (D.N.I. ***874***), (anterior titular, propietaria do local: María del Carmen Sanlés Martínez, TOMA DE COÑECEMENTO DE APERTURA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE ABRIL DE 2026).**

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.



10.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Saboor Haris

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA CAFÉ-BAR (Epígrafe IAE 673.2)** no lugar de **RÚA SANTA UXÍA Nº 8 BAIXO, RIBEIRA** e do que é promotor **D . SABOOR HARIS (**394**)**, (anterior titular: **LAXE DE RIBEIRA SL, EXP LICENZA APERTURA, acordo toma de coñecemento Xunta de Goberno Local de data 18/11/2021**).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da Corporación, de data 21/04/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECAMENTO** do **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **CAFÉ-BAR (Epígrafe IAE 673.2)** no lugar de **RÚA SANTA UXÍA Nº 8 BAIXO, RIBEIRA** e do que é promotor **D . SABOOR HARIS (**394**)**, (anterior titular: **LAXE DE RIBEIRA SL, EXP LICENZA APERTURA, acordo toma de coñecemento Xunta de Goberno Local de data 18/11/2021**)

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026	Fecha: 24/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25		Hora: 11:10



QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4623 27.02.2026 M^a BENITA VIDAL SUÁREZ, cierre de parcela e pintar a vivienda, na rúa de Galicia, Palmeira. (2026 COMU000053)

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7171 27.03.2026 MARIA VENTURA FRANCO DIOS, pintar a casa, na Carretera Xeral, 51, Castiñeiras. (2026 COMU000105)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7173 27.03.2026 BENJAMIN MORAÑA CABO, adecentado da entrada da casa con un solado de formigón, no lugar de Carreiriña, 11, Carreira. (2026 COMU000106)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7246 27.03.2026 AUREA SANTIAGO ANDRADE, mantemento de fachada, na rúa Bouciña, 17, Palmeira. (2026 COMU000107)



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7247 28.03.2026 NIEVES SANTIAGO MUÑIZ, renovación de cuberta, na rúa do Mestre Lorenzo Mene Trabadell, 33, Palmeira. (2026 COMU000108)

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7127 26.03.2026 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIF. BARREIRA 24, reparación fachada con sistema sate, na rúa Barreira, 24, Ribeira.(2026 COMU000109)

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5952 14.01.2025 CIPRIANO SAMPEDRO GONZÁLEZ, instalación de piscina de obra, no lugar de Muiños, 64-B, Oleiros. (2025 COMU000020)

18.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: RÚA DA MURALLA 57 ,PARCELA A1, AGUIÑO,RIBEIRA. 15960. PROMOTOR: JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ SANTALICES

VISTA a solicitude de e **licenza urbanística -PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, RÚA DA MURALLA 57, PARCELA A1, AGUIÑO, RIBEIRA. 15960**, da que é promotor **D. JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ SANTALICES**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **31 de marzo de 2026**.

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **10 de abril de 2026**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do



expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ SANTALICES licenza urbanística-PROXECTO DE EXECUCIÓN- para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, RÚA DA MURALLA 57 ,PARCELA A1, AGUIÑO,RIBEIRA. 15960**, según proxecto básico e de execución de construción de vivenda unifamiliar na rúa da muralla 57 A1, redactado polo arquitecto Don Alberto Martínez Naya, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24 de marzo de 2026, co número de visado 2601522,3, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o **26 de marzo de 2026**, co número de Rexistro 202600007122

-Deberá adaptarse ás determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 31 de marzo de 2026.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.-Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscales y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA	24/04/2026	Fecha: 24/04/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	24/04/2026	Hora: 11:10
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES	24/04/2026 11:10:25	



- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

19.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA PLANTA BAIXA. LUGAR: LUGAR DE BOUZA DA IGREXA, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ ANDRÉS LUSTRES MIRANDA

VISTA a solicitude de e **licenza urbanística -PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE PLANTA, NO LUGAR DE BOUZA DA IGREXA,OLVEIRA (RIBEIRA)**, da que é promotor **D. José Andrés Lustres Miranda**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **18 de setembro de 2024**.



VISTO o acta e plano de cesión así como informe emitido pola enxeñeira municipal o día **26 de xuño de 2024** en relación á superficie de **216,10 m² de cesión** a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar de **440,53 €**.

VISTO o contrato de cesión asinado o día **3 de xullo de 2024** por D. José Andrés Lustres Miranda, (DNI ***308***), polo que cede a dominio a uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **216,10 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **30 de setembro de 2024**,

VISTO o informe emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **14 de outubro de 2024**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 27/24, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 18 de xullo de 2024 a D. José Andrés Lustres Miranda, consistente en **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 31 de xullo de 2024 redactado polo arquitecto D Raúl Ares Fuertes, (col. nº 3.051) así como **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 29 de agosto de 2024.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscales y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):



- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederá con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, de tal efecto, participará a data da súa iniciación.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026	Fecha: 24/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25		Hora: 11:10



- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

20.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Pardo Fontenla

Visto o escrito presentado por **Manuel Pardo Fontenla**, de data 13/01/2026 (Registro de entrada nº 894), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 5074A050003370000KU.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 21/04/20246, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600000894 do día 13 de xaneiro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 5074A050003370000KU, no seu plano 2.06 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario; coma solo rústico común.

As condicións desta Ordenanza son:

- **Solo Rústico Común**

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:



- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a



conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
- Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela non conta con afeccións sectoriais:

6. OBSERVACIÓNS

A parcela conta con fronte a vía pública definida nos planos do PXOM, incluído no Inventario municipal de bens e dereitos municipais co número 158.



21.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Julio García Torres

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 17/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A027004070000KE, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



32.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juana Carmen Cánibe Santos

Visto o escrito presentado por **Juana Carmen Cánibe Santos**, de data 08/04/2026 (Registro de entrada nº 8.089), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A041006910000KM, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 17/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A041006910000KM, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

33.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Fernando Sampedro Pego

Visto o escrito presentado por **Manuel Fernando Sampedro Pego**, de data 14/04/2026 (Registro de entrada nº 8.625), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0327822NH0102N0001TI, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 17/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0327822NH0102N0001TI, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

34.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rosa Sanlés Lijó

Visto o escrito presentado por **Rosa Sanlés Lijó**, de data 14/04/2026 (Registro de entrada nº 8.637), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033002070001LK, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 17/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033002070001LK, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA	24/04/2026	Fecha: 24/04/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	24/04/2026	Hora: 11:10
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25		



35.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María del Pilar Pérez Sampedro

Visto o escrito presentado por **María del Pilar Pérez Sampedro**, de data 14/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.624), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0327806NH0102N0001UI, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 17/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0327806NH0102N0001UI, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

36.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Urban Update

Visto o escrito presentado por Rosa María Navarro Vieco en representación de **Urban Update**, de data 10/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.314), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE sito en CUBELIÑOS, número de licenza 389/2006, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 17/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE sito en CUBELIÑOS, número de licenza 389/2006, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

37.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Daniel Parada Lijó

Visto o escrito presentado por María teresa Batalla Ordóñez en representación de Domínguez Arias e Hijos, S.L., e á súa vez de **Daniel Parada Lijó**, de data 26/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.901), no que solicita certificación urbanística de superficie cedida para apertura da Travesía Novoa Santos, na finca con referencia catastral 0812050NH0101S0001ZX.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 24/03/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



En maio de 2007, a empresa Baldomero Fariña, cede a favor do Concello de Ribeira, para dominio e uso público, terreos destinados a viais, zonas axardinadas e de esparcemento, situados na Travesía Novoa Santos - Rúa de nova apertura, cunha superficie total de 4.555,93 m². Nesta superficie cedida, están incluídos 60 m² da parcela con referencia catastral actual: 0812050NH0101S0001ZX.

Polo exposto se conclúe o seguinte sobre a parcela de referencia catastral 0812050NH0101S0001ZX:

- Superficie total orixinal: 153,60 m².
- Superficie cedida ao Concello: 60 m² (incluídos nos 4.555,93 m², e según comprobación realizada polos Servizos Técnicos Municipais)
- Superficie actual da finca: 93,60 m²

38.- FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA A ATENCIÓN DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NOS MESES DO VERÁN. EXPEDIENTE 2026 PSEL000018.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Por Providencia da Alcaldía de data 17/04/2026 solicítase que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a contratación laboral temporal de TÉCNICOS/AS DE TURISMO para a atención das oficinas municipais de información turística nos meses do verán.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados ó ano 2026.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de



selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: *“6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.”* No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, **a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015**, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015 (*“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”*), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

Neste sentido, cómpre citar o apartado 3 do artigo 11 do TREBEP, recentemente engadido pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que dispón: *“3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirán igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”*

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, xurde a necesidade de realizar unha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de TÉCNICOS/AS DE TURISMO, polos motivos expostos na Providencia da Alcaldía, que se reproducen mais adiante.

As referidas prazas están incluídas no cadro de persoal laboral que forma parte do orzamento municipal vixente.

Trátanse entón de postos reservados a persoal laboral fixo discontinuo, tal e como está definido no cadro de persoal antes referido, polo que **como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de contratacións temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos/as aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos/as admitidos/as e excluídos/as, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.**

TERCEIRO.- Neste ano 2026, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 20 da Lei 31/2021, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, de carácter básico, prorrogada a este ano 2026.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B562B00K2O3F3A1G4U7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p>FIRMANTE - FECHA MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25</p>	<p>DOCUMENTO: 20261791531 Fecha: 24/04/2026 Hora: 11:10</p>
---	---	---



No referido precepto dispónse que: “La incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público, a excepción de los órganos contemplados en el apartado Uno.e) del artículo anterior, se llevará a cabo a través de la Oferta de Empleo Público, como plasmación del ejercicio de la planificación en un marco plurianual.”

CUARTO.- No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022 que dispón o seguinte: “1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda. No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.”

A este respecto, consta no expediente a Providencia da Alcaldía de data 17/04/2026 na que se xustifica a necesidade da formación dunha bolsa de emprego complementaria: “Por Decreto da Alcaldía de data 17/07/2024 (Expediente 2024 PSEL000019) aprobouse unha bolsa de emprego para a cobertura temporal de prazas de TÉCNICOS/AS DE TURISMO, para a atención das oficinas municipais de información turística nos meses do verán. Ante a chegada da tempada estival, e co fin de que se poida prestar sen problemas o servizo de atención das oficinas municipais de información turística, resulta conveniente a realización dun proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, complementaria da bolsa aprobada por Decreto da Alcaldía de data 17/07/2024 (Expediente 2024 PSEL000019), co fin de acudir a esta nova bolsa en caso de non estar dispoñibles para a súa contratación as persoas que forman parte da bolsa aprobada no ano 2024.”

Posteriormente, e de facerse efectiva a contratación deste persoal habería que acreditar a necesidade de urxencia da mesma, sempre tendo en conta que o concepto de “necesidades urxentes e inaprazables” resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- A contratación laboral temporal, de ser o caso, realizarase en calquera das modalidades previstas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

SEXTO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de TÉCNICOS/AS DE TURISMO.



SEGUNDO.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia”, de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de TÉCNICOS/AS DE TURISMO para a atención das oficinas municipais de información turística durante os meses do verán.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular a formación dunha bolsa de emprego no Concello de Ribeira coa finalidade de dotar ó mesmo dunha bolsa que permita atender presentes e futuras necesidades desta Administración local mediante a contratación laboral temporal de técnicos/as de turismo para a atención das oficinas municipais de información turística durante os meses do verán.

Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e demais disposicións de pertinente aplicación.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir as necesidades de persoal antes citadas. É dicir, os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a prestar servizo no Concello de Ribeira, por orde de puntuación.

A bolsa resultante deste proceso selectivo terá unha vixencia máxima de 5 anos. O inicio do prazo de vixencia computarase desde o día en que a bolsa quede constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Finalice o prazo máximo de duración.
- Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.
- Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa á presente.

A este respecto, compre precisar que a bolsa de emprego que se constitúa como consecuencia deste proceso selectivo, será unha BOLSA COMPLEMENTARIA da bolsa de emprego constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía de data 17/07/2024 (Expediente 2024 PSEL000019), e que soamente se acudirá a ela para o caso de que a bolsa aprobada na data 17/07/2024 quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.

2ª.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade,



descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

- b) Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.**
- c) Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **dalgúns dos títulos referidos a continuación**, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación:
- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas ou equivalente.
 - Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
 - Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
 - Dobre grao en Ciencias Empresarias e Turismo.
 - Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
 - Grao ou licenciatura en Humanidades.
 - Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
 - Grao ou licenciatura en Historia.
- d) Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG número 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- f) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.**
- g) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.** No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

3ª.- TAXAS DO PROCESO SELECTIVO.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 20,33 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de



documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal, sito na Praza dos Mariñeiros, s/n (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no inverno; no verán, que abrangue desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, o horario é de 9:00 a 13:30 horas)
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame**
 - A liquidar: **Grupo B ou asimilado.**
 - Observacións: Nome da praza á que se opta

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: “*Pagar on line*”, ou “*imprimir recibo*” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

4ª PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1. As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó/a señor/a Alcalde/sa, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

4.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas) durante o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como de maneira telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>)

Así mesmo procederase tamén á publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello de Ribeira (sede electrónica).

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

4.3. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Instancia normalizada que figura como modelo nas bases da convocatoria, debidamente cuberta e asinada.
- b) Xustificante do ingreso da taxa do proceso selectivo ou acreditación de situación de desemprego para o caso de exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de períodos de inscrición, acompañado de vida laboral de data actual.
- c) Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- d) Titulación académica esixida na Base 2ª, letra c).
- e) Certificado Celga 4 ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, o/a aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- f) Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo obxecto da convocatoria.



Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

6ª.-ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de 2 días hábiles contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o/a Alcalde/sa declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección.

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 10ª.



7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente.



8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo/a Alcalde/sa mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

8.1. Sistema de selección:

O sistema de selección é o de **OPOSICIÓN** que consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos: De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, a un cuestionario composto po 40 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá versar sobre a historia, ámbito xeográfico, patrimonio inmaterial, festas, tradicións e gastronomía, patrimonio histórico, artístico, natural e cultural, BIC's, oferta hostaleira, aloxamento e restauración do Concello de Ribeira, así como os principais atractivos turísticos da súa Comarca.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos (a razón de 0,25 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos (20 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non acaden dita puntuación serán eliminados/as.

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A."

Segundo exercicio.- Proba de Coñecemento da lingua galega:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdose ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

8.2.- Desenvolvemento das probas da oposición.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos/as opositores/as, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos/as colaboradores/as e especialistas designados/as.

Os/as aspirantes serán convocados/as por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído/a.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído/a no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído/a do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os/as aspirantes deberá acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.



Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requiririlles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios do Concello (sede electrónica).

8.3.- Presentación de reclamacións.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén poderá consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de 1 día hábil, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante outro rexistro non municipal.

9ª.- FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da bolsa de emprego, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía. Como xa se referiu na Base 1ª, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún/ha aspirante a proba ou por non presentarse ningún/ha a esta, o/a Sr./a Alcalde/sa queda autorizado/a a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

10ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

10.1 Situacións.

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- Disponibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de "dispoñible", mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe.



No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorran un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.

- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

10.2. Chamamentos.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifieste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do



Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarase a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, procederase a dar de baixa definitiva da bolsa de emprego á persoa integrante da mesma que non teña respondido, ou que a súa resposta estea fora de prazo.

10.3. Dilixencias de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicarase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas



polas persoas chamadas, sen prexuízo daqueloutras circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

10.4. Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento ou que esa resposta se dea fora do prazo máximo indicado.
- O rexeitamento da oferta sen unha causa xustificada.
- A acumulación de 3 rexeitamentos da oferta polas causas xustificadas referidas no apartado 13.2, A.2.
- Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

10.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

10.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

11ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación que corresponda, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante do que se pretenda a súa contratación.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

12ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante nomeado/a deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o/a aspirante no terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

13ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o/a traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Ribeira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026	Fecha: 24/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25		Hora: 11:10



Transcorrido o período de proba sen que se houberse producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ao traballador/a.

14ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE.

DATOS PERSOAIS		
APELIDOS E NOME:		
DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		



DATOS DO POSTO
DENOMINACIÓN: TÉCNICO/A DE TURISMO
GRUPO: II

EXPOÑO:		
<p>Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a realización de contratacións temporais de TÉCNICOS/AS DE TURISMO.</p> <p>DECLARO reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma.</p> <p>SOLICITO a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.</p>		
Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega	SI:	NON:
Solicito certificación de prestación de servizos:	SI:	NON:
<p>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo. ➤ DNI ➤ Titulación académica esixida. ➤ Certificado de discapacidade (no seu caso). ➤ Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega. ➤ Outra (indicar): 		
Lugar, data e sinatura:		

39.- FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NOS MESES DO VERÁN. EXPEDIENTE 2026 PSEL000019.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Por Providencia da Alcaldía de data 17/04/2026 solicítase que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a contratación laboral temporal de CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA para o desenvolvemento das accións de prevención e defensa contra os incendios forestais en virtude do Convenio entre a



Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Ribeira, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico das Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados ó ano 2026.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a **selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015**, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015 (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

Neste sentido, cómpre citar o apartado 3 do artigo 11 do TREBEP, recentemente engadido pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da



temporalidade no emprego público, que dispón: “3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirán igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, xurde a necesidade de realizar unha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA, polos motivos expostos na Providencia da Alcaldía, que se reproducen mais adiante.

As referidas prazas están incluídas no cadro de persoal laboral que forma parte do orzamento municipal vixente.

Trátanse entón de postos reservados a persoal laboral fixo discontinuo, tal e como está definido no cadro de persoal antes referido, polo que **como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de contratacións temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reduciendo o prazo dos/as aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos/as admitidos/as e excluídos/as, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.**

TERCEIRO.- Neste ano 2026, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 20 da Lei 31/2021, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, de carácter básico, prorrogada a este ano 2026.

No referido precepto dispónse que: “La incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público, a excepción de los órganos contemplados en el apartado Uno.e) del artículo anterior, se llevará a cabo a través de la Oferta de Empleo Público, como plasmación del ejercicio de la planificación en un marco plurianual.”

CUARTO.- No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022 que dispón o seguinte: “1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda. No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.”

A este respecto, consta no expediente a Providencia da Alcaldía de data 17/04/2026 na que se xustifica a necesidade da formación dunha bolsa de emprego complementaria: “Por Decreto da Alcaldía de data 04/07/2025 (Expediente 2025 PSEL000017) aprobouse unha bolsa de emprego para a cobertura temporal de prazas de CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA, para o desenvolvemento das accións de prevención e defensa contra os incendios forestais en virtude do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Ribeira, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico das Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027. Ante a chegada da tempada estival, e co fin

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B562B00K2O3F3A1G4U7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25</p>	<p>DOCUMENTO: 20261791531 Fecha: 24/04/2026 Hora: 11:10</p>
---	---	---



de que se poida prestar sen problemas o servizo antes referido, resulta conveniente a realización dun proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, complementaria da bolsa aprobada por Decreto da Alcaldía de data 04/07/2025 (Expediente 2025 PSEL000017), co fin de acudir a esta nova bolsa en caso de non estar dispoñibles para a súa contratación as persoas que forman parte da bolsa aprobada no ano 2025."

Posteriormente, e de facerse efectiva a contratación deste persoal habería que acreditar a necesidade de urxencia da mesma, sempre tendo en conta que o concepto de "necesidades urxentes e inaprazables" resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- A contratación laboral temporal, de ser o caso, realizarase en calquera das modalidades previstas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

SEXTO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación das citadas Bases no "Boletín Oficial da Provincia", de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais nos meses do verán.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular a formación dunha bolsa de emprego no Concello de Ribeira coa finalidade de dotar ó mesmo dunha bolsa que permita atender presentes e futuras necesidades desta Administración local mediante a contratación laboral temporal de condutores/as de vehículo motobomba para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais, en virtude do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Ribeira, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico das Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.



Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e demais disposicións de pertinente aplicación.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir as necesidades de persoal antes citadas. É dicir, os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a prestar servizo no Concello de Ribeira, por orde de puntuación.

A bolsa resultante deste proceso selectivo terá unha vixencia máxima de 5 anos. O inicio do prazo de vixencia computarase desde o día en que a bolsa quede constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Finalice o prazo máximo de duración.
- Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.
- Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa á presente.

A este respecto, compre precisar que a bolsa de emprego que se constitúa como consecuencia deste proceso selectivo, será unha BOLSA COMPLEMENTARIA da bolsa de emprego constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía de data 04/07/2025 (Expediente 2025 PSEL000017), e que soamente se acudirá a ela para o caso de que a bolsa aprobada na data 04/07/2025 quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.

2ª.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) **Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- b) **Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.**
- c) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **do título académico de graduado/a en ESO ou equivalente**, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.



- d) **Estar en posesión do permiso de conducir do tipo C**, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- e) **Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG número 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- f) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta**. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- g) **Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente**.
- h) **Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía**. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

3ª.- TAXAS DO PROCESO SELECTIVO.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 8,14 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal, sito na Praza dos Mariñeiros, s/n (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no inverno; no verán, que abrangue desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, o horario é de 9:00 a 13:30 horas)
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame**
 - A liquidar: **Grupo E ou asimilado**.
 - Observacións: Nome da praza á que se opta

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: “*Pagar on line*”, ou “*imprimir recibo*” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

4ª PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



4.1. As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó/á señor/a Alcalde/sa, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

4.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas) durante o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como de maneira telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>)

Así mesmo procederase tamén á publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello de Ribeira (sede electrónica).

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

4.3. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Instancia normalizada que figura como modelo nas bases da convocatoria, debidamente cuberta e asinada.
- Xustificante do ingreso da taxa do proceso selectivo ou acreditación de situación de desemprego para o caso de exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de períodos de inscrición, acompañado de vida laboral de data actual.
- Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Titulación académica esixida na Base 2ª, letra c).
- Permiso de conducir do tipo C.
- Certificado Celga 1 ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, o/a aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN.



A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

6ª.-ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de 2 días hábiles contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o/a Alcalde/sa declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección.

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 10ª.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen



que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente.

8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo/a Alcalde/sa mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

8.1. Sistema de selección:

O sistema de selección é o de **OPOSICIÓN** que consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos: De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 35 minutos, a un cuestionario composto po 20 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 3 preguntas de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo II.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos (a razón de 0,5 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos (10 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non acaden dita puntuación serán eliminados/as.

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e



cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de “NON APTO/A.”

Segundo exercicio.- Proba práctica: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos ou proba/s práctica/s determinados polo tribunal con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio e relacionado directamente co temario do Anexo II e coas funcións propias do posto convocado.

O/s exercicio/s práctico/s terá/n unha duración non superior a 60 minutos, quedando o Tribunal capacitado para determinar tempos inferiores de realización do mesmo.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 7,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica), fixando, así mesmo, a data de realización do terceiro exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de “NON APTO/A.”

Terceiro exercicio: Proba de Coñecemento da lingua galega:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Esta proba será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO/A”.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

8.2.- Desenvolvemento das probas da oposición.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos/as opositores/as, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos/as colaboradores/as e especialistas designados/as.

Os/as aspirantes serán convocados/as por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído/a.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído/a no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído/a do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os/as aspirantes deberá acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, sen embargo, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B562B00K2O3F3A1G4U7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25</p>	<p>DOCUMENTO: 20261791531 Fecha: 24/04/2026 Hora: 11:10</p>
---	---	---



Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirllles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios do Concello (sede electrónica).

8.3.- Presentación de reclamacións.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén poderá consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de 1 día hábil, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante outro rexistro non municipal.

9ª.- FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da bolsa de emprego, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía. Como xa se referiu na Base 1ª, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta: en primeiro lugar, a puntuación acadada no primeiro exercicio da oposición; e, en segundo lugar, a puntuación acadada no segundo exercicio da oposición. De persistir o empate, dirimirase segundo a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún/ha aspirante a proba ou por non presentarse ningún/ha a esta, o/a Sr./a Alcalde/sa queda autorizado/a a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

10ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

10.1 Situacións.

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- a) *Dispoñibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- b) *Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe. No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B562B00K2O3F3A1G4U7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25</p>	<p>DOCUMENTO: 20261791531 Fecha: 24/04/2026 Hora: 11:10</p>
---	---	---



Administración ou entidade privada, e sempre que non concorran un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.

- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

10.2. Chamamentos.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifeste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía



proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarase a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, procederase a dar de baixa definitiva da bolsa de emprego á persoa integrante da mesma que non teña respondido, ou que a súa resposta estea fora de prazo.

10.3. Dilixencias de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicarase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

10.4. Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento ou que esa resposta se dea fora do prazo máximo indicado.



- O rexeitamento da oferta sen unha causa xustificada.
- A acumulación de 3 rexeitamentos da oferta polas causas xustificadas referidas no apartado 13.2, A.2.
- Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

10.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

10.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

11ª.- RECOÑECIMENTO MÉDICO, PROBA FÍSICA E CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO.

Previamente ó nomeamento para a contratación, os/as aspirantes deberán pasar por un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Tamén teñen que realizar un curso teórico-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que xa o recibisen en anos anteriores.

Todo isto de conformidade co disposto na Cláusula Sexta do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ribeira, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

As probas referidas nesta base deberán superarse para formar parte da bolsa de emprego á que se acuda para a realización da correspondente contratación.

No caso de que o aspirante non supere as referidas probas, non poderá formar parte da bolsa de emprego á que se acuda para a realización das oportunas contratacións.

12ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación que corresponda, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante do que se pretenda a súa contratación.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

13ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante nomeado/a deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o/a aspirante no terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

14ª.- PERÍODO DE PROBA.



O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o/a traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Ribeira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbese producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ao traballador/a.

15ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE.

DATOS PERSOAIS		
APELLIDOS E NOME:		
DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:



Teléfono de contacto:
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):

DATOS DO POSTO
DENOMINACIÓN: CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA
GRUPO: V

EXPOÑO:						
<p>Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a realización de contratacións temporais de CONDUTORES/AS DE VEHÍCULO MOTOBOMBA.</p> <p>DECLARO reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma.</p> <p>SOLICITO a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.</p>						
<table border="1"> <tr> <td>Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega</td> <td>SI:</td> <td>NON:</td> </tr> <tr> <td>Solicito certificación de prestación de servizos:</td> <td>SI:</td> <td>NON:</td> </tr> </table>	Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega	SI:	NON:	Solicito certificación de prestación de servizos:	SI:	NON:
Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega	SI:	NON:				
Solicito certificación de prestación de servizos:	SI:	NON:				
<p>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo. ➤ DNI ➤ Titulación académica esixida. ➤ Certificado de discapacidade (no seu caso). ➤ Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega. ➤ Permiso de conducir tipo C. ➤ Outra (indicar): 						
Lugar, data e sinatura:						

ANEXO II: TEMARIO

Tema 1.- O Municipio de Ribeira: Configuración Xeográfica. Límites. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais.

Tema 2.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 3.- Os vehículos autobomba todo terreo. As bombas de impulsión: mantemento, funcionamento. Condución en terreo aberto. A aproximación ao lume. Elección do punto de estacionamento e primeiro ataque.



Tema 4.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de mangueira. Coordinación do binomio cuadrilla-vehículo autobomba. A dirección de extinción.

Tema 5.- A toma de auga. O emprego de aditivos: tipos e utilización.

Tema 6.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes. Equipos de protección individual.

40.- FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE XEFES/AS DE PRAIA

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

Por Providencia da Alcaldía de data 20/04/2026 solicítase que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de XEFES/AS DE PRAIA.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados ó ano 2026.
- Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: "6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-



oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, **a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015**, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015 (*“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”*), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

Neste sentido, cómpre citar o apartado 3 do artigo 11 do TREBEP, recentemente engadido pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que dispón: *“3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirán igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”*

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, xurde a necesidade de realizar unha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de XEFES/AS DE PRAIA, polos motivos expostos na Providencia da Alcaldía, que se reproducen mais adiante.

As referidas prazas están incluídas no cadro de persoal laboral que forma parte do orzamento municipal vixente.

Trátanse entón de postos reservados a persoal laboral fixo discontinuo, tal e como está definido no cadro de persoal antes referido, polo que **como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de nomeamentos temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.**

TERCEIRO.- Neste ano 2026, para a incorporación de novo persoal no sector público cómpre acudir ao artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, de carácter básico, prorrogada a este ano 2026.

No referido precepto dispónse que: *“La incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público, a excepción de los órganos contemplados en el apartado Uno.e) del artículo anterior, se llevará a cabo a través de la Oferta de Empleo Público, como plasmación del ejercicio de la planificación en un marco plurianual.”*

CUARTO.- No presente caso, trataríase da contratación temporal de persoal laboral, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022 que dispón o seguinte: *“1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda. No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del*



Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.”

A este respecto, consta no expediente a Providencia da Alcaldía ditada na data 20/04/2026, na que se xustifica a necesidade da formación dunha bolsa de emprego complementaria: *“Por Decreto da Alcaldía de data 10/06/2025 (Expediente 2025 PSEL000015) aprobose unha bolsa de emprego para a cobertura temporal de prazas de XEFES/AS DE PRAIA, para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ribeira. Ante a chegada da tempada estival, e co fin de que se poida prestar sen problemas o servizo antes referido, resulta conveniente a realización dun proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, complementaria da bolsa aprobada por Decreto da Alcaldía de data 10/06/2025 (Expediente 2025 PSEL000015), co fin de acudir a esta nova bolsa en caso de non estar dispoñibles para a súa contratación as persoas que forman parte da bolsa aprobada no ano 2025.”*

Posteriormente e de facerse efectiva a contratación deste persoal habería que acreditar a necesidade de urxencia da mesma, sempre tendo en conta que o concepto de *“necesidades urxentes e inaprazables”* resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- A contratación laboral temporal, de ser o caso, realizarase en calquera das modalidades previstas no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

SEXTO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de XEFES/AS DE PRAIA.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación das citadas Bases no *“Boletín Oficial da Provincia”*, de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a cobertura temporal de prazas de XEFES/AS DE PRAIA para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ribeira durante os meses do verán.



1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular a formación dunha bolsa de emprego no Concello de Ribeira coa finalidade de dotar ó mesmo dunha bolsa que permita atender presentes e futuras necesidades desta Administración local mediante a contratación laboral temporal de xefes/as de praia.

Todo elo de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e demais disposicións de pertinente aplicación.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir as necesidades de persoal antes citadas. É dicir, os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a prestar servizo no Concello de Ribeira, por orde de puntuación.

A bolsa resultante deste proceso selectivo terá unha vixencia máxima de 5 anos. O inicio do prazo de vixencia computarase desde o día en que a bolsa quede constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Finalice o prazo máximo de duración.
- Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.
- Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa á presente.

A este respecto, compre precisar que a bolsa de emprego que se constituía como consecuencia deste proceso selectivo, será unha BOLSA COMPLEMENTARIA da bolsa de emprego constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía de data 10/06/2025 (Expediente 2025 PSEL000015), e que soamente se acudirá a ela para o caso de que a bolsa aprobada na data 10/06/2025 quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.

Corresponderán ós xefes de praia levar a cabo a dirección do equipo de persoas asignado á súa praia, a xestión dos recursos en canto a urxencias e posta en marcha de dispositivos de actuación e prevención, así como os protocolos do servizo preventivo, realizar o control da disposición e estado tanto das instalacións como do material e elaborar informes para actuacións destacables e incidencias.

2ª.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) **Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026	Fecha: 24/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25		Hora: 11:10



España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

- b) **Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.**
- c) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **do título académico de graduado/a en ESO ou equivalente**, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.
- d) **Estar en posesión do Celga 3 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG número 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- e) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- f) **Non incurrir en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.**
- g) **Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.** No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- h) **Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (sección de socorristas en espazos acuáticos naturais) ou ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, sempre e cando non transcorrera o prazo máximo prefixado para a súa emisión.**
- i) **Estar en posesión do permiso de conducir da clase B**, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

3ª.- TAXAS DO PROCESO SELECTIVO.

As persoas aspirantes ao postos de xefes de praia deberán ingresar a cantidade de 12,18 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20261791531
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25	Fecha: 24/04/2026 Hora: 11:10



O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal, sito na Praza dos Mariñeiros, s/n (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no inverno; no verán, que abrangue desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, o horario é de 9:00 a 13:30 horas)
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame**
 - A liquidar: **Grupo D ou asimilado.**
 - Observacións: Nome da praza á que se opta

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: “*Pagar on line*”, ou “*imprimir recibo*” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

4ª PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1. As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó/a señor/a Alcalde/sa, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

4.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas) durante o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como de maneira telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>)

Así mesmo procederase tamén á publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello de Ribeira (sede electrónica).

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

4.3. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Instancia normalizada que figura como modelo no Anexo I das bases da convocatoria, debidamente cuberta e asinada.
- b) Xustificante do ingreso da taxa do proceso selectivo ou acreditación de situación de desemprego para o caso de exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de períodos de inscrición acompañado de vida laboral, de data actual.
- c) Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- d) Titulación académica esixida na Base 2ª, letra c).
- e) A resolución que acredite estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia – na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais- de acordo co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, ou o modelo distintivo en vigor,



establecido pola Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de maio de 2012.

No caso de ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, deberase presentar a dita solicitude xunto coa documentación que acredite estar en posesión da formación mínima para o exercicio das actividades obxecto de inscrición.

- f) Certificado Celga 3 ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, o/a aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- g) Certificado médico en impreso oficial ou informe de saúde (ámbolos documentos ORIXINAIS) acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver. A súa data de expedición non poderá ser anterior ao 1 de abril de 2026.
- h) Permiso de conducir da clase B.
- i) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.
- j) Relación dos méritos que se acrediten que figura como modelo no Anexo II das bases da convocatoria, debidamente cuberta e asinada.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

6ª.-ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.



Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de 2 días hábiles contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o/a Alcalde/sa declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Na mesma resolución o/a alcalde/sa determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección.

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 10ª.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.



As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente.

8ª.- PROCESO SELECTIVO.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo/a Alcalde/sa mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

O procedemento de selección consta de dúas fases, podendo obterse pola suma de puntuación de todas elas, un total de **20 puntos**:

- 1. Concurso de Méritos: ata un máximo de 17 puntos.**
- 2. Entrevista persoal: ata un máximo de 3 puntos.**

8.1. FASE de CONCURSO DE MÉRITOS: Consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 17 puntos, consonte ó baremo referido a continuación. A estes efectos o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

8.1.1. Méritos a valorar.

a) Experiencia profesional (ata un máximo de 7 puntos):

- Valoraranse os servizos efectivos prestados como xefe de praia na Administración Pública, a razón de 0,60 puntos por cada mes de servizos prestados.
- Valoraranse os servizos efectivos prestados como socorrista en espazos acuáticos naturais na Administración Pública, a razón de 0,40 puntos por cada mes de servizos prestados.

A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado nos postos antes referidos e o seu resultado dividirase por 30 (media de días



que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,60 ou 0,40 puntos segundo corresponda.

b) Outros méritos (ata un máximo de 10 puntos):

- Por acreditar formación actualizada sobre RCP (reanimación cardiopulmonar), soporte vital básico e manexo de desfibriladores: **1,5 puntos** en total e sen que teña carácter acumulativo.
 - Por estar en posesión do título de Patrón de embarcacións de recreo (PER) ou titulación profesional equivalente que habilite o manexo de embarcacións da oitava listaxe destinadas ao salvamento e ao rescate, ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes: **2,5 puntos.**
 - Por estar en posesión dalgunha das titulacións universitarias expresamente referidas (Ciencias da actividade física e do deporte, Ciencias empresarias, Ciencias económicas e/ou Dereito, Relacións Laborais, Ciencias do traballo e Recursos humanos): **2 puntos.**
 - Por ser voluntario/a dunha agrupación de voluntarios de protección civil cunha antigüidade mínima de 2 anos e ter rexistrada actividade nos anos 2025 e/ou 2026 (co curso básico de protección civil acreditado): **1,5 puntos.**
 - Por estar en posesión do permiso de condución da clase B+E: **1,5 puntos.**
 - Por cada curso da escola oficial de idiomas (inglés):
 - Básico (nivel A2 do MECRL): **0,10.**
 - Intermedio (nivel B1 do MECRL): **0,20.**
 - Avanzado (nivel B2 do MECRL): **0,50.**
 - C1: **1 punto.**
- No caso de estar en posesión de varios cursos soamente se valorará o de maior nivel.

8.1.2. Forma de acreditar os méritos.

Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito e dentro do prazo de presentación de instancias:

- A experiencia profesional na Administración Pública acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado do certificado da Administración Pública de procedencia expedido pola autoridade ou persoal funcionario competente, onde conste, entre outros extremos, a titularidade do posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (vida laboral + certificado da Administración pública), suporá a non valoración do mérito alegado.
- Para acreditar os servizos prestados no Concello de Ribeira bastará con que a persoa aspirante solicite un certificado de prestación de servizos na instancia para participar no procedemento selectivo cuxo modelo se engade como Anexo I, incorporando a propia Administración a certificación acreditativa ao expediente de selección. Aínda así, a persoa aspirante deberá achegar o certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- O voluntariado nunha agrupación de protección civil, acreditarase mediante un certificado, expedido polo órgano competente da agrupación que corresponda, no que se indique expresamente á antigüidade como voluntario/a e se ten rexistrada actividade nos anos 2025 e/ou 2026.
- Para acreditar os demais méritos bastará o título correspondente ou certificado emitido pola entidade ou organismo competente.

8.2. FASE de ENTREVISTA PERSOAL: Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único por orden alfabético, sendo excluídos quen non compareza, agás causas de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. En calquera momento o Tribunal



poderá requirir ós/as aspirantes para que acrediten a súa personalidade. Os/as candidatos deberán acudir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

A entrevista persoal terá carácter obrigatorio e servirá para apreciar a experiencia, coñecementos, aptitudes e adecuación do seu perfil ó posto de traballo a desempeñar. Valorarase ata un máximo de 3 puntos, segundo se indica a continuación:

- Moi adecuado/a: 3 puntos.
- Bastante adecuado/a: 2 puntos.
- Adecuado/a: 1 punto.
- Nada adecuado/a: 0 puntos.

8.3. Proba de coñecemento da lingua galega.

Rematada a fase de concurso e entrevista, o Tribunal convocará ós/as aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 3 ou equivalente) á realización dunha proba obrigatoria de competencia en lingua galega. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinará o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, e será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 3.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apto/a, dado que non cumpriran o requisito esixido na Base 2ª.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

8.4 Presentación de reclamacións.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente. A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. En todos os casos para a presentación de reclamacións disponse dun prazo de UN (1) DÍA HÁBIL, contado a partir do día seguinte o da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviándoa ao correo electrónico maría.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

9ª.- FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da bolsa de emprego, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía. Como xa se referiu na Base 1ª, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta: en primeiro lugar, os puntos obtidos no apartado "*Outros méritos*" da fase de concurso de méritos; en segundo lugar, os puntos obtidos no apartado "*Experiencia profesional*" da fase de concurso; e, en terceiro lugar, a puntuación acadada na fase de entrevista. De persistir o empate, dirimirase segundo a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.



No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o/a Sr./a Alcalde/sa queda autorizado/a a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

10ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

10.1 Situacións.

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- a) *Dispoñibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- b) *Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe. No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorran un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.
- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

10.2.Chamamentos.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B562B00K2O3F3A1G4U7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20261791531
	<p>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 24/04/2026 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/04/2026 CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 24/04/2026 11:10:25</p>	<p>Fecha: 24/04/2026 Hora: 11:10</p>



integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifieste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarse a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da



terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, procederase a dar de baixa definitiva da bolsa de emprego á persoa integrante da mesma que non teña respondido, ou que a súa resposta estea fora de prazo.

10.3. Dilixencias de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicarase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

10.4. Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento ou que esa resposta se dea fora do prazo máximo indicado.
- O rexeitamento da oferta sen unha causa xustificada.
- A acumulación de 3 rexeitamentos da oferta polas causas xustificadas referidas no apartado 13.2, A.2.
- Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

10.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

10.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

11ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación que corresponda, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante do que se pretenda a súa contratación.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

12ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.



Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante nomeado/a deberá subscribir a declaración a que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o/a aspirante no terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

13ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o/a traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Ribeira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbese producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade, que poidan afectar ao traballador/a.

14ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS
APELIDOS E NOME:



DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		

DATOS DO POSTO
DENOMINACIÓN: XEFE/A DE PRAIA
GRUPO: IV

EXPOÑO:		
<p>Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA para a realización de contratacións temporais de XEFES/AS DE PRAIA.</p> <p>DECLARO reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dito posto e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de todos os termos da mesma.</p> <p>SOLICITO a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.</p>		
Dispoño dun título acreditativo do nivel de lingua galega	SI:	NON:
Solicito certificación de prestación de servizos:	SI:	NON:
<p>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo. ➤ DNI ➤ Titulación académica esixida. ➤ Certificado de discapacidade (no seu caso). ➤ Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega. ➤ Inscripción no Rexistro profesional do persoal socorrista. ➤ Permiso de conducir de clase B. ➤ Outra (indicar): 		
Lugar, data e sinatura:		

ANEXO II: MODELO DE RELACIÓN DE MÉRITOS



Nome e Apelidos	
D.N.I.	
Enderezo	
Correo electrónico	
Teléfono	

RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS NO PROCEDEMENTO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE XEFES/AS DE PRAIA.

A) Experiencia profesional:

Denominación do posto	Administración na que se prestaron os servizos	Data de inicio	Data de fin

B) Outros méritos:

Denominación

41.- FORMALIZACIÓN AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DAS ZONAS PORTUARIAS DE AGUIÑO E PALMEIRA A PORTOS DE GALICIA

Vista a proposta conxunta presentada polo Concelleiro Delegado do Mar, Fernando Abraldes Pérez, e a Concelleira Delegada de Turismo, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 20/04/2026, en relación á formalización autorización de ocupación temporal das zonas portuarias de Aguiño e Palmeira a Portos de Galicia, na que expón:

*“Conscientes que estamos próximos á celebración das festas gastronómicas de verán e doutros eventos como o Viamare Stock, que pola súa propia natureza requiren **dispor dun espazo amplo e aberto**, que permita garantir a instalación de estruturas móbiles así como ó acceso e a evacuación dos asistentes.*

*Considerando que pola súa singularidade territorial, **as parroquias de Aguiño e Palmeira presentan como única alternativa** á ocupación temporal da zona portuaria na que emprazar as estruturas como carpas.*

Tendo presente que a identidade cultural dun pobo ven definida a través de múltiples aspectos nos que se manifesta a súa cultura, como as celebracións de seu entre outras.



Por isto e co interese en manter, conservar e promover a celebración das festas gastronómicas que promovan a dinamización turística e comercial que durante a época estival teñen lugar nas diferentes parroquias que conforman o municipio, **a disposición da autorización de ocupación de dominio público portuario é a principal condición** para que a execución da programación das festas gastronómicas sexa unha realidade, permitindo aos veciños e visitantes gozar da exaltación dos produtos gastronómicos locais.

En vista da Resolución do 17 de abril de 2023 pola que se modifica o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas (código de procedemento IF500A) que foi publicado no DOG núm. 100 de data 29 de maio de 2023, que establece:

Apartado Sexto. Entidades solicitantes

Poderán formalizar a solicitude persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica públicas ou privadas. Non é posible a súa presentación por parte de persoas físicas.

Apartado Sétimo. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I).

Para que a solicitude poida ser tida en conta, en xeral, deberá ser presentada cunha anterioridade mínima de dous (2) meses ao inicio do evento.

Apartado Oitavo. 2 Tramitación da solicitude

No suposto de que o solicitante teña previsto realizar máis dun evento anual no porto, poderase formalizar mediante unha petición única global por todos os eventos de características similares (...)

Apartado Noveno. Documentación complementaria.

i) Xustificante de pagamento da taxa administrativa devindicada pola tramitación da solicitude, identificada co código 30.40.01, agás que este proceso se inicie e finalice electrónicamente.

Se a entidade solicitante ten previsto organizar máis dun espectáculo público ou actividade recreativa nun porto dependente de Portos de Galicia, poderá realizar de xeito conxunto a solicitude de varios eventos que realice ao longo do ano (...)

Por conseguinte precisamos realizar a tramitación administrativa ante Portos de Galicia, órgano competente **para obter o permiso de ocupación temporal en terreos portuarios das parroquias anteditas, nas que se van a realizar os eventos gastronómicos previstos para este ano e que corresponden a:**

Porto de Aguiño

Festa exaltación do Percebe o domingo 2 de agosto. Ocupación 01 ao 03 de agosto 1.000 m2.

Festa exaltación da Navalla o domingo 9 de agosto. Ocupación do 8 ao 10 de agosto espazo de 500 m2.

Porto de Palmeira

Festa do Polbo o 29 e 30 de agosto. Ocupación do 28 ao 31 de agosto espazo de 1.000 m2. ”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- **Formalizar nunha única solicitudes** a correspondente autorización a Portos de Galicia de ocupación temporal das zonas portuarias das parroquias de Aguiño e



Palmeira destinado á celebración dos eventos gastronómicos no calendario e espazos que se indican.

- Dar traslado deste acordo ao servizos económicos e Tesourería aos efectos de proceder ao pago previo **das taxas administrativas como indica o apartado 9.i) da Resolución do 17 de abril de 2023 (procedemento IF500A) que foi publicado no DOG núm. 100 de data 29 de maio de 2023.**

42.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA – Asociación Galega de Artesanos

Vista a proposta conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, e a Concelleira Delegada de Turismo, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 20/04/2026, en relación á autorización celebración da Feira de Artesanía de Galicia, na que expón:

“Que a Asociación Galega de Artesanos vai a celebrar unha “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA” os días luns 20 e martes 21 de xullo na Praza do Concello, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 10/04/2026 con Nº de rexistro de entrada 20268336, solicitando:

1. *Autorización para dispor do espazo e da conexión eléctrica para realizar a “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA” os días 20 e 21 de xullo na Praza do Concello, que consiste na instalación de 16 haimas de 3 x 3 mts, dotadas de iluminación interior.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar para a celebración do evento “FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA” da o luns 20 e o martes 21 de xullo e ocupar a Praza do Concello con 16 haimas de 3 x 3 colocadas en dous grupos de 8 enfontadas.
- Autorizar para dispor de acometida eléctrica (estes servizos correrán a cargo da entidade organizadora do evento, Asociación Galega de Artesanos).
- A entidade organizadora do evento, Asociación Galega de Artesanos, deberá con antelación, coordinarse coa policía local para a carga e descarga da mercancía e para a montaxe e desmontaxe das estruturas (haimas).
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Dar traslado deste acordo ao interesado, ás Concellarías de Turismo e Comercio e á Policía Local para o seu coñecemento.



43.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO PAVILLÓN DE SIRVES AO CLUB PATINAXE RIBEIRA PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA DO PROGRAMA XOGADE DE PATINAXE

LOGO DE VER que Dna. María Teresa Rey Martínez, en representación do Club Patinaxe Ribeira, presenta escrito de data 08-04-2026, con número de rexistro de entrada municipal 8117, solicitando:

“EL PABELLÓN DE SIRVES PARA CAMPEONATO DE DEPORTE ESCOLAR PEDIDO POR LA XUNTA PARA ORGANIZAR EL CLUB PATINAXE RIBEIRA EL DÍA 2 DE MAYO”

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas na instalación solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 16-04-26, e a proposta do concelleiro delegado de deportes, de data 17-04-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión das instalacións do pavillón de Sirves ao Club Patinaxe Ribeira, para a organización dunha xornada do programa Xogade de patinaxe, cos seguintes condicionantes:

- A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o sábado **2 de maio de 2026 ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).



- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local e o GAEM de Ribeira.

44.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AMBAR, PARA A CELEBRACIÓN DA XI CARREIRA POLA DIVERSIDADE

LOGO DE VER que Dna. Milagros Rey Pérez, en representación da asociación “Ambar”, presenta escrito de datas 11-03-2026, con número de rexistro de entrada municipal 5823, solicitando autorización para poder celebrar a XI CARREIRA POLA DIVERSIDADE, o domingo 10 de maio de 2026, con saída e chegada no Centro de Raqueta Sta Uxía. Tamén solicita:

- A reserva do aparcamento fronte Centro de Raqueta de 8.00 a 14.00 horas.
- A cesión de vallas para marcar a zona de saída e chegada da proba.
- Poder utilizar as instalacións do Centro de Raqueta (baños, duchas, almacén e toma de corrente) durante a celebración do evento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
3. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 20-04-26, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 21-04-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización á Asociación Ambar para realizar XI CARREIRA POLA DIVERSIDADE, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **10 de maio de 2026** de 08.00h. a 14.00h.. **Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.**
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.



- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Reservar a zona de aparcamento fronte ao Centro de Raqueta Sta Uxía, entre as 8.00 e as 14.00 horas**, para a montaxe da infraestrutura necesaria.
- Ceder para o desenvolvemento da proba 30 vallas.
- Ceder as instalacións do Centro de Raqueta para a utilización de baños, duchas, almacén e toma de corrente.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

45.- SOLICITUDE CESIÓN PAVILLÓN DE SIRVES AO CLUB PATINAXE RIBEIRA PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO PROVINCIAL DE PATINAXE NAS CATEGORÍAS CADETE E SENIOR

LOGO DE VER que Dña. María Teresa Rey Martínez, en representación do Club Patinaxe Ribeira, presenta escrito de data 26-03-2026, con número de rexistro de entrada municipal 7060, solicitando:

“LAS PISTAS DEL PABELLON DE SIRVES POR LA CELEBRACION DE LOS SIGUIENTES CAMPEONATOS CTO. PROVINCIAL – LIBRE CAT. NACIONAL (CATEGORÍAS CADETE-SENIOR) CORUÑA – C. RIBEIRA 09/10 MAYO”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte: *“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”*.
3. Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas na instalación solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 20-04-26, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 21-04-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:



Autorizar a cesión das instalacións do pavillón de Sirves ao Club Patinaxe Ribeira, para a organización do campionato provincial de patinaxe nas categorías cadete e senior, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días **9 e 10 de maio de 2026 ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local e o GAEM de Ribeira.

46.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 16/04/2026, relativa á autorización uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por M^a Elena Lema Santos, en nome da Asociación Galega de Solidariedade co Pobo Saharai, sede electrónica núm. 2026 8422 de data 13 de abril de 2026, interesando realizar un festival benéfico no Auditorio Municipal de Ribeira podendo ser os días 15, 23 ou 30 de maio de 2026.

Actuacións de oficio:



Engádesse ao expediente información solicitada á entidade organizadora referida á identificación da razón social; Contido do festival; Horarios así como medios e destino da recadación benéfica, que foi recibida no enderezo electrónico da área municipal culturaefestexos@ribeira.gal na data 15/04/2026 ás 22:46 horas e remitida pola Delegada da entidade no Barbanza, dona Covadonga Rodríguez Argüelles.

Considerando que:

- O evento é organizado por unha entidade sen ánimo de lucro inscrita co rexistro número 2004/007037 (SC) e CIF G15924558.
- O festival conta coa colaboración solidaria da escola de danza El TomaSon de Ribeira.
- A recadación destínase a favor do Programa Vacacións en Paz promovido e coordinado pola entidade solicitante, para o que sortean dúas colchas solidarias elaboradas polo alumnado dos colexios de Artes e de Olveira (Ribeira) dentro do proxecto educativo "Abrigo e acubillo" de sensibilización coa realidade dos campamentos de refuxiados/as saharauís, desenvolvido pola Comisión de Ensino de Sogaps nestes centros ao longo do curso escolar.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

- Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira.
Sábado 23 de maio de 2026 en horario de 18.30 a 21.30 horas preparativos e ensaios; 19.30 h apertura das instalacións; 20.00 h celebración do festival ata remate de saída.
- Medios persoais e técnicos. Servizo de bedelía. Apoio técnico de son, iluminación e audiovisual así como loxístico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do Festival benéfico organizado pola Asociación Galega de Solidariedade co Pobo Saharai en colaboración coa escola de danza El TomaSon de Ribeira, cúa recadación se destinará ao Programa Vacacións en Paz.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o sábado 23 de maio de 2026 (de 18.3 a 21.30 horas preparativos e ensaios; 19.30 h apertura das instalacións; 20.00 h celebración do festival ata remate de saída) xunto co apoio medios persoais, técnicos e loxístico en atención á boa execución do evento (acceso, limpeza, iluminación, son entre outros).
- Trasladar esta petición a área Municipal de Servizos Sociais para que atenda o servizo técnico de son, iluminación e audiovisual.
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO

- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).



2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puideran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o aforo máximo da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.



- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debéase seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

47.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 16/04/2026, relativa á autorización uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Atendendo a solicitude, presentada por Alejandro Nespereira Martínez, sede electrónica núm. 7998 de data 07 de abril de 2026, en nome da Asociación Cultural R. E I. Cofradía da Dorna interesando dispor do Espazo Municipal de Usos Múltiples (carpa) dende ó 15 de xuño ata ó 31 de xullo de 2026 con motivo do Asteleiro Dorneiro.

Considerando que:

- Esta entidade é a organizadora da Festa da Dorna, declarada de Interese Turístico no ano 2005 pola Xunta de Galicia.*
- Na programación desta festa consta o tradicional Asteleiro Dorneiro.*
- Para a execución desta actividade coñecemos que precisan dun espazo suficiente destinado á construción, reparación e decoración das embarcacións tradicionais que levan a cabo as súas peñas.*
- Tendo en conta á Programación cultural e das Festas do Verán de Ribeira e consultado a axenda de reservas deste espazo.*
- Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.*

Conclúe:

Apoiar esta actividade poñendo a súa disposición:

- Espazos públicos: Espazo Municipal de Usos Múltiples, instalada na rúa Canarias/Galicia de Ribeira.*
- Disponibilidade: 15 de xuño de 2026 ao 28 de xullo de 2026.
(Por motivos de programación municipal precisamos dispor desta instalación do 29 de xullo de 2026 en diante).”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar á Asociación Cultural Real E Ilustre Cofradía da Dorna, e en precario, o Uso Temporal do Espazo Municipal de Usos Múltiples (Carpa) para realizar o Asteleiro Dorneiro do 15 de xuño de 2026 ao 28 de xullo de 2026 (ambos incluídos).
- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- **Notificar o acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

“CONDICIÓN DE USO”

- 1 As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG»* núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG»* núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
- 2 A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3 Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 4 Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando rohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.
- 5 En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 6 Facilitarase á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche desta instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o periodo antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e se absterá de realizar reproducións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.
- 7 Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 8 Respetar o aforo da instalación (límite 400 persoas de pé e 300 persoas sentadas).

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento culturaefestexos@ribeira.gal.**



48.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓN MUNICIPAL ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (3)

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 21/04/2026, relativa á autorización uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de dona M^a Eugenia Garrido Iglesias, sede electrónica 2026 8798 de data 15 de abril de 2026, interesada en dispor da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas para impartir unha charla da USC dirixida ao alumnado de Bacharelato do Colexio Galaxia o xoves 23 de abril de 2026 ás 12 horas.

Considerando que:

- Trátase dunha actividade sen ánimo de lucro.*
- Permite achegar información directa e actualizada da universidade aos estudantes de bacharelato.*
- A Sala de conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas é o espazo axeitado para celebrar este acto, polo que consultado a axenda de reservas e previa comunicación coa interesada confírmase o xoves 23 de abril ás 12.00 horas.*

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición:

- Espazos públicos: Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira. Xoves 23 de abril de 2026 en horario de 12.00 ás 14.00 h. Equipo técnico audiovisual e de son.*
- Medios persoais. Servizo de conserxería.*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o Uso Temporal da Sala de Conferencias do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira ó 23 de abril de 2026 de 12.00 a 14.00 horas para impartir unha charla da USC ao alumnado de Bacharelato do Colexio Galaxia.**
- Autorizar o uso do equipamento técnico audiovisual e de son.**
- Notificar o acordo á solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

CONDICIÓN DE USO:

- As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).



- 2-A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3-Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 4-En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 5-Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
- 6-Respectar o aforo da instalación.
- 7-Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
- 8-Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

49.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (4)

Vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 21/04/2026, relativa á autorización uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbense solicitude presentada por dona María Pilar Millet Dios, sede electrónica núm. 2026 4056 de data 20 de febreiro de 2026, en nome da Asociación ACRV Francisco Lorenzo Mariño interesando:

- Uso do Auditorio Municipal de Ribeira para realizar un espectáculo tradicional ó 25 de abril de 2026 ás 20.00 horas xunto das asistencias técnicas.
- Autorización para o Maio Cultural de Aguiño ó 17 de maio de 2026 no Parque da Tasca e Casa da Cultura durante todo o día así como colaboración cos inchables.
- Autorización para o IX Festival de música e canto tradicional “Son’s” en Aguiño o 20 de xuño de 2026 no Parque da Tasca e Casa da Cultura co equipamento para a produción musical.

Manifesta que todos os actos son gratuítos e que na publicidade farán constar a colaboración do Concello.

Conta con seguro RC.

Considerando que:

O Concello de Ribeira apoia a celebración de actos organizados polo tecido asociativo principalmente proporcionando espazos, apoio loxístico, recursos e permisos esenciais na procura de garantir a súa seguridade e éxito.

Trátase dunha programación de interese cultural, fomenta a participación cidadá a cultura e a vida comunitaria.



Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Conclusión:

Emítase INFORME Favorable de Uso Temporal de espazos municipais e apoio loxístico para a celebración das actividades expostas pola entidade ACRV Francisco Lorenzo Mariño.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar o Uso Temporal e apoio loxístico para celebrar os actos organizados a instancia da ACRV Francisco Lorenzo Mariño:**
 - Uso do Auditorio Municipal de Ribeira para realizar un espectáculo tradicional ó 25 de abril de 2026 ás 20.00 horas (dispoñendo da instalación para probas e ensaios previos).
 - Autorización para o Maio Cultural de Aguiño ó 17 de maio de 2026 no Parque da Tasca e Casa da Cultura durante todo o día.
 - Autorización para o IX Festival de música e canto tradicional “Son’s” en Aguiño o 20 de xuño de 2026 no Parque da Tasca e Casa da Cultura.
- **Notificar o acordo a entidade solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:**

CONDICIÓN DE USO:

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Lémbrese á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.



50.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE PROCEDIMIENTO SANCIONADOR POR ACTA-DENUNCIA NÚM. C440957 DO SERVIZO DE INSPECCIÓN FARMACÉUTICA DE NOIA DE DATA 30 DE MAIO DE 2025

FORMA DE INICIO:	OFICIO
EXP. CONSELLERÍA:	20250289AMCO
EXP. CONCELLO:	2025/AUGA000067

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Acordo de inicio de expediente sancionador contra o Concello de Ribeira, de data 5 de novembro de 2025, con motivo da presunta vulneración da normativa vixente en materia de sanidade ambiental.

Proposta do Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 3 de decembro de 2025, no sentido de recoñecer a responsabilidade no procedemento sancionador incoado pola Consellería de Sanidade e proceder ao pago voluntario da sanción coas reducións previstas, e de repercutir á empresa concesionaria do servizo de abastecemento a contía da sanción que lle corresponde en base ás deficiencias graves e leves que sinala na proposta.

Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 4 de decembro de 2025, no sentido da proposta.

Reunión celebrada na Alcaldía en data 9 de decembro de 2025 á que asistiron a Xefa Territorial da Consellería de Sanidade, a Alcaldesa e os técnicos municipais. Nesta reunión acordouse que sería de interese para a Consellería que por parte do Concello se presentase un plan de acción en materia de abastecemento no que se dese conta das previsións e prazos previstos para a corrección das deficiencias sinaladas na acta que motivou o inicio de sancionador, que sería considerada no prazo de alegacións do expediente.

Escrito de Alcaldía de data 23 de decembro de 2025 (saída núm. 12.212) mediante o que se presenta, a modo de alegacións ao acordo de inicio de expediente sancionador de referencia 20250289AMCO, e de conformidade co acordado na reunión de data 9 de decembro de 2025, o documento denominado "PLAN DE ACCIÓN PARA EMENDA DE NON CONFORMIDADES EN RELACIÓN CO ABASTECIMENTO DE AUGA ZA RIBEIRA", de data decembro de 2025. Nese documento dáse resposta ás non conformidades que obran no apercibimento da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade e no posterior inicio de expediente sancionador, co ánimo de que teñan a ben consideralo de forma previa á proposta de resolución.

Proposta de resolución de expediente sancionador contra o Concello de Ribeira, de data 13 de abril de 2026 (escrito con data do 14 de abril de 2026, entrada núm. 8.620).

2. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade
- Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración (BOE núm. 9, do 11 de xaneiro de 2023).



3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Estabelece o artigo 4 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ás responsabilidades e competencias, o seguinte: “1. Cando a xestión da subministración da auga de consumo sexa directa, a administración local deberá realizar sen prexuízo das que lle corresponden á autoridade sanitaria:

(...) e) A garantía que a calidade da auga de consumo na rede de distribución até o punto de entrega da instalación interior, cumpra co disposto no anexo I. (...)”

Estabelece o artigo 6 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse á cualificación sanitaria das mostras de auga de consumo, o seguinte: “1. As mostras de auga de consumo, poderanse cualificar como:

- a) *Apta para o consumo: cando non conteña ningún tipo de microorganismo, parásito ou substancia nunha cantidade ou concentración que poida supor un risco para a saúde humana e cumpra cos valores paramétricos especificados nas partes A e B do anexo I e non superen os valores de aptitude que se indican nas notas da Táboa 3 da parte C do anexo I ou cos valores paramétricos excepciónados pola autoridade sanitaria determinados nel;*
- b) *Non apta para o consumo: cando non cumpra cos requisitos do parágrafo a) ou cando se detecten ou superen os valores de referencia dos parámetros da Lista de observación. A autoridade sanitaria valorará nestes casos o risco para a saúde dando as recomendacións sanitarias oportunas á poboación, ao municipio e ao operador.”*

Estabelece o artigo 12 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao obxecto de control e vixilancia, o seguinte: “1. En termos xerais, en cada zona de abastecemento controlaranse os parámetros fixados no anexo I e anexo IV e segundo o disposto nos anexos II, III e VI. (...)”

Estabelece o artigo 14 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao Protocolo de Autocontrol, o seguinte: “1. O operador responsable da zona de abastecemento ou parte desta, deberá actualizar o Protocolo de Autocontrol do abastecemento e en concordancia co Programa de Vixilancia Sanitaria da auga de Consumo, elaborado pola autoridade sanitaria para o seu territorio, segundo sinala o artigo 17. (...)”

3. O Protocolo actualizado deberá contemplar, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) *Esquema e descrición da zona de abastecemento e das infraestruturas que xestione o operador;*
- b) *Programa de mostraxe;*
- c) *Programa de mantemento e limpeza das instalacións;*
- d) *No caso de redes de distribución, Programa de detección e medidas ante fugas estruturais de auga de consumo;*
- e) *Provedores dos produtos utilizados para a potabilización da auga e limpeza das instalacións;*
- f) *Procedementos de notificación de incumprimentos e información aos usuarios;*
- g) *Procedementos de xestión de incidencias;*
- h) *Plan de formación;*
- i) *Subministración alternativa a utilizar en caso de emerxencia, alternativo ou excepcional;*
- j) *Acreditacións dos laboratorios propios ou contratados;*
- k) *Data de actualización do Protocolo.*

4. O Protocolo deberá estar ao dispor da autoridade sanitaria en formato electrónico e actualizarse de forma anual ou cando existan cambios substanciais no abastecemento. (...)”



Establece o artigo 44 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse aos Materiais que entren en contacto coa auga de consumo, o seguinte: “1. Os materiais destinados á súa utilización en instalacións novas ou, en caso de obras de reparación ou reconstrución, en instalacións existentes para a captación, o tratamento, o almacenamento ou a distribución de augas de consumo e que entren en contacto con esas augas, non deberán empeorar a calidade da auga nin transmitir ao auga substancias, xermes ou propiedades prexudiciais para a saúde, ou que poidan prexudicar que a auga cumpra cos parámetros do anexo I. Para iso, deberán cumprir os seguintes requisitos hixiénicos básicos:

a) Non poñerán en perigo, directa nin indirectamente, a protección da saúde humana;
b) Non afectarán negativamente a cor, o cheiro ou o sabor da auga;
c) Non favorecerán a proliferación microbiana;
d) Non migrarán contaminantes á auga de consumo en niveis superiores ao necesario para o fin previsto do devandito material ou que empeoren a calidade da auga e en ningún caso superarán os valores paramétricos do anexo I.

2. As instalacións ás que fai referencia o apartado 1 inclúen ás infraestruturas que estean situadas desde a toma de captación ata a billa do usuario, así como calquera outra infraestrutura equivalente a estas.

3. Os materiais aos que fai referencia o apartado 1 inclúen aos presentes nos produtos utilizados na construción e naqueles outros produtos instalados nas citadas infraestruturas, e que entren en contacto coas augas de consumo.

4. Para dar cumprimento aos requisitos do apartado 1, atenderase ao disposto pola Comisión Europea nos actos de execución aplicables a estes materiais e produtos, nos que se establezan:

a) Os requisitos mínimos específicos de hixiene por medio de listas positivas europeas de substancias de partida, composicións ou compoñentes, cuxa utilización estea autorizada na fabricación de materiais ou produtos en contacto con auga, incluíndo, cando cumpra, as condicións de utilización e os límites de migración;

b) As metodoloxías para ensaiar e aceptar substancias de partida, composicións e compoñentes que vaian incluírse nas listas positivas europeas, así como os procedementos e métodos para ensaiar e aceptar os materiais finais utilizados. Os principios para establecer estas metodoloxías e listas positivas recóllense no anexo IX;

c) Os procedementos de avaliación da conformidade dos produtos e o seu mercado.

(...)

6. Os operadores e empresas construtoras só poderán utilizar para as instalacións referidas aqueles materiais e produtos que cumpran co disposto no presente artigo, para o que deberán verificar previamente ao seu uso ou instalación que devanditos materiais ou produtos cumpren cos requisitos aplicables. (...)”

Establece o artigo 59 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao Plan Sanitario de Auga, o seguinte: “1. A avaliación e xestión do risco nunha zona de abastecemento ou nun edificio prioritario realízase a través dun PSA, que garantirá sistematicamente que a auga sexa salubre e limpa, aceptable polos usuarios e que o servizo sexa continuo, con cantidade e presión suficiente.

O PSA é unha metodoloxía cunha formulación integral de avaliación e xestión dos riscos que abarca todas as etapas do abastecemento, desde a toma de captación, potabilización, almacenamento e distribución ata o punto de cumprimento e as instalacións interiores, segundo o disposto no artigo 50. (...)”

Establece o artigo 60 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao Plan Sanitario da auga nas zonas de abastecemento, o seguinte: “1. O PSA nas zonas de



abastecemento sempre se deberá basear nos resultados e experiencia do Protocolo que o operador ou operadores implantasen durante os anos anteriores. Unha vez redactado e implantado o PSA, o Protocolo pasará a ser un anexo do PSA.

2. Os operadores das zonas de abastecemento deberán elaborar o PSA antes da data que sinala a disposición adicional novena. En calquera caso, mentres o operador non teña o PSA implantado, deberá seguir co seu Protocolo actualizado. (...)

Establece o artigo 62 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC), o seguinte: “(...) 2. O uso da aplicación do SINAC a través de Internet, é obrigatorio para:

a) Toda entidade pública ou privada ou persoa xurídica que xestione zona de abastecemento tipo 2, tipo 3, tipo 4, tipo 5 e tipo 6, ou as súas infraestruturas ou que controle a calidade da auga de consumo ou realice os controis sinalados nos artigos 13 e 56; (...)

3. No caso de zona de abastecemento tipo 0 e tipo 1, poderán usar o SINAC de forma voluntaria salvo que a autoridade sanitaria o considera obrigatorio.

4. Deberán cumprimentarse todos os datos que aparecen en cada un dos formularios que compoñen a aplicación. Os operadores, o municipio, os laboratorios, a autoridade sanitaria e a administración hidráulica serán os responsables da actualización e veracidade dos seus datos cargados en SINAC.”

Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U. (anteriormente Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A.) é a concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, contrato asinado en data 30 de xullo de 2010.

Establece a cláusula 23 do *PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS, QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS, DA CONCESIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA*, aprobado por acordo do Pleno de data 28 de setembro de 2009, ao referirse ás obrigas do concesionario, o seguinte: “(...) l) **Cumprir as obrigacións dimanantes das disposicións legais que sexan de aplicación á calidade bacteriolóxica do auga e en particular as obrigacións que impoña o R.D. 140/2003, sobre criterios sanitarios do auga de consumo humano, ao concesionario.**

(...)

n) Realizar as limpeza e demais labores de mantemento das instalacións do servizo conforme á súa oferta. (...)

4. FEITOS CONSIDERADOS PROBADOS NO PROCEDIMENTO E CUALIFICACIÓN DA INFRACCIÓN

Tendo en conta a complexidade técnica dos feitos que motivan a incoación do procedemento sancionador e a súa gradación, teño a ben expresar nas seguintes táboas a análise dos mesmos e apreciar as responsabilidades directas do Concello e da Concesionaria:

4.1. INFRACCIÓN GRAVE:

Núm.	Deficiencias graves:	Observacións:	Responsable:	% do total
1	3. A captación dos mananciais de Palmeira I e II que abastecen ao depósito de cabeceira de Ventín-	- Na proposta de resolución desestímase as	Concello	~14,29



	Palmeira, carecen de filtración por area ou outro medio filtrante apropiado antes da súa distribución.	alegacións		
2	4. A captación do río Sieira que abastece ao depósito de cabeceira de Xarás, carece de filtración por area ou outro medio filtrante apropiado antes da súa distribución. [...]	- Na proposta de resolución desestímanse as alegacións	Concello	~14,29
3	6. Non presentan rexistros de limpeza do depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira (non consta ter realizado a limpeza desta infraestrutura nos últimos 25 anos).	- A limpeza do depósito puido levarse a cabo. - Na proposta de resolución desestímanse as alegacións	Concesionaria	~14,29
4	7. O depósito de Xarás non se limpou coa frecuencia anual que establece o operador no seu PAX (última limpeza rexistrada no SINAC do 04/12/2021)	- A concesionaria alega que no ano 2022 presentou un informe advertindo que o estado actual da infraestrutura non permite a súa limpeza en condicións de seguridade. - Na proposta de resolución desestímanse as alegacións	Concello	~14,29
5	8. Non dispoñen dun sistema (contador) para coñecer o dato da auga captada, tanto a do Río Sieira como a dos mananciais de Palmeira I e II."	- Existe contador no río Sieira - Na proposta de resolución estímanse só parcialmente as alegacións	Concello	~14,29
6	9. Respecto do SINAC: 9.1 No control de rutina semanal non figuran os parámetros color, olor e sabor. 9.2. O control operacional da turbidez á saída do depósito de cabeceira de Xarás non se realiza diariamente. 9.3. Nas analíticas de control do depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira do 06/03/2023 e do 10/03/2025 cargadas no SINAC, non figura o parámetro <i>Clostridium perfringens</i> . 9.4. Non está cargada 1 analítica de control do depósito de distribución de San Alberto do ano 2023. 9.5. Non figura a analítica de colífagos que deberían facer no depósito de cabeceira de Xarás, trala detección de colífagos > 50 UFC/100 ml na captación de Xarás o 01/10/2024 (resultado 570 UF/100 ml).	- Na proposta de resolución desestímanse as alegacións con respecto aos puntos 9.1, 9.2, 9.3, 9.4 e 9.5 - Estímanse corrixidas as non conformidades dos puntos 9.6 e 9.7	Concesionaria	~14,29



	<p>9.6. Non está cargada no SINAC a análise de confirmación/peche incidencia, respecto do parámetro aluminio, que cualifica a auga como non apta na analítica completa do D.D: San Alberto do 05/02/2025. (Presentan confirmación do 13/02/2025 con resultado 230 µg/l).</p> <p>9.7. Non se deixou constancia no SINAC dos boletíns analíticos realizados polo operador, en relación aos incumprimentos paramétricos detectados polos servizos de inspección, nas mostras recollidas o 7/10/2024 e o 11/03/2025 e comunicadas polo Departamento Territorial os días 15 e 22 de outubro de 2024 e 17 de marzo de 2025.</p>			
7	<p>10. Respecto ao control analítico:</p> <p>10.1. Nas analíticas do depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira do 06/03/2025 e do 10/03/2025 non figura a determinación do parámetro <i>Clostridium perfringens</i> (incluídas as esporas).</p> <p>10.2. Non presentan a analítica de colílagos a realizar no depósito de cabeceira de Xarás tralo resultado de 570 UFC/100 ml de colílagos detectados na captación de Río Sieira o 01/10/2024.</p> <p>10.3. Non presentan analítica de peche da incidencia no parámetro aluminio detectado na analítica completa do DD San Alberto do 05/02/2025 (confirmación de superación do valor paramétrico do 13/02/2025 Resultado = 230 g/l).</p>	- Na proposta de resolución desestímase as alegacións	Concesionaria	~14,29

Polo tanto, tendo en conta as responsabilidades do Concello e da Concesionaria **para o caso das deficiencias graves**, a contía da sanción proposta (3.006 €) repartiríase do seguinte xeito:

Importe da sanción proposta:	3.006,00 €
Responsabilidade Concello:	57,14 %
Responsabilidade Concesionaria:	42,86 %
Importe a pagar polo Concello:	1.717,63 €
Importe a pagar pola Concesionaria:	1.288,37 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	1.030,58 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	773,02 €

4.2. INFRACCIÓN LEVE:



Núm.	Deficiencias leves:	Observacións:	Responsable:	% do total
1	1. Non teñen documentado o Plan Sanitario de Auga da zona de abastecemento.	Na proposta de resolución desestímase as alegacións	Concesionaria	~33,33
2	2. No Protocolo de Autocontrol e Xestión do Abastecemento (PAX) non se recollen os seguintes aspectos, ou a información que figuran neles non é específica ou é incompleta: 2.1. Na descrición das infraestruturas, a función do depósito de Ventín non é de distribución senón de cabeceira. 2.2. O volume de auga distribuída na rede de Palmeira non está actualizada e non coincide co dato que aparece no SINAC. 2.3. Os depósitos de cabeceira de Ventín-Palmeira e de Xarás non dispoñen de contador á entrada como si figura no PAX. 2.4. No programa de mantemento non se inclúen as captacións, as redes de distribución e os equipos de medición "in situ" utilizados no autocontrol. 2.5. Non recolle, no caso das redes de distribución, o programa de detección da auga e na limpeza das instalacións. 2.6. Non se recollen os provedores dos produtos utilizados na desinfección da auga e na limpeza das instalacións. 2.7. O procedemento de notificación de incumprimentos e información aos usuarios non é específico do abastecemento. 2.8. Non teñen contemplado no PAX un subministro alternativo ou excepcional a utilizar en caso de emerxencia nesta zona de abastecemento. 2.9. Non figura a data de actualización do protocolo.	Na proposta de resolución desestímase as alegacións	Concesionaria	~33,33
3	5. Non dispoñen de certificado conforme, os tramos da rede de distribución con amianto (3,4 km na rede de Xarás, 0,9 km na de Palmeira e 9,5 km na rede de San Alberto), aínda non chegaron ao final da súa vida útil	Na proposta de resolución desestímase as alegacións	Concello	~33,33

Polo tanto, tendo en conta as responsabilidades do Concello e da Concesionaria **para o caso das deficiencias leves**, a contía da sanción proposta (300 €) repartiríase do seguinte xeito:

Importe da sanción proposta:	300,00 €
Responsabilidade Concello:	~33,34 %
Responsabilidade Concesionaria:	~66,66 %
Importe a pagar polo Concello:	100,02 €



Importe a pagar pola Concesionaria:	199,98 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	60,01 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	119,99 €

5. RESOLUCIÓN

Atendendo ao exposto nos apartados anteriores, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- **Que o Concello de Ribeira**, en calidade de titular do servizo de subministración de auga, que presta de forma indirecta mediante a modalidade de concesión, de conformidade co previsto no artigo 85 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, **adopte o acordo de recoñecer a responsabilidade no procedemento sancionador incoado pola Consellería de Sanidade e proceda ao pago voluntario da sanción que, coas reducións previstas, quedaría en 1.983,60 € (1.803,60 € correspondente ás infraccións tipificadas coma graves, e 180,00 € correspondente ás infraccións tipificadas coma leves).**

- **Que se repercuta á empresa concesionaria do servizo de abastecemento a contía da sanción que lle corresponde en base ás deficiencias graves e leves sinaladas no epígrafe 4 desta proposta.**

51.- APROBACIÓN BORRADOR CONVENIO DE COLABORACIÓN – Arcebispo de Santiago de Compostela

Vista a Providencia da Alcaldía, de data 16/04/2026, para a emisión de informe relativo a convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e o Arcebispo de Santiago de Compostela.

Visto o informe emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, de data 21/04/2026.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste na cesión a favor do Concello de Ribeira, por un período mínimo de 10 anos, dos espazos propiedade do Arcebispo de Santiago de Compostela sitos na contorna da Capela da Virxe dos Dolores, coa fin de levar a bo termo, en beneficio da veciñanza, as actuacións de mellora integral dun espazo público e saudable, mediante a intervención coordinada sobre o parque infantil, o campo de xogo polivalente, os itinerarios peonís perimetrais, a contorna da Capela da Virxe do Dolores e a incorporación dunha zona biosaudable para persoas adultas e maiores

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Arcebispo de Santiago de Compostela, para a cesión a favor do Concello de Ribeira, por un período mínimo de 10 anos, dos espazos propiedade do Arcebispo de Santiago de Compostela sitos na contorna da Capela da Virxe dos Dolores.



Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

52.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Virginia Ramos Abal (A CABAÑA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Virginia Ramos Abal** en representación establecemento **“Brasería A Cabaña ”** (Ribeira), de data 20/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.097), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Brasería A Cabaña”** (Ribeira), o día 25/04/2026, en horario de 23:00 h. a 01:30 h.

53.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Ligia Soares da Silva (O TIMÓN)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Ligia Soares da Silva** en representación establecemento **“Bar O Timón”** (Castiñeiras), de data 20/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.170), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar O Timón”** (Castiñeiras), o día 01/05/2026, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

54.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – José Manuel Santos Martínez (A RÚA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **José Manuel Santos Martínez** en representación establecemento **“Café Bar A Rúa”** (Ribeira), de data 21/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.259), no que solicita permiso para a celebración de evento musical (Dj) (Rúa Mendiño) do establecemento hostaleiro **“Café Bar A Rúa”** (Ribeira), o día 24/04/2026, en horario de 21:00 h. a 23:00 h. O Citado evento deberá celebrarse no interior do local.

55.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DO DÍA DA FAMILIA – ANPA Colexio Sagrado Corazón de Xesús

Visto o escrito presentado por María del Carmen Muñiz Martínez, en representación del **ANPA do Sagrado Corazón de Xesús de Castiñeiras**, de data 20/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.109), no que solicita autorización para a celebración do **“Día da Familia”** en Couso, o día 24/05/2026; así como autorización municipal para instalar un inchable, e a colaboración municipal con contedores RSU, WCs portátiles e a limpeza de merendeiro e arredores para poder celebrar os xogos.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do “Día da Familia” en Couso, o día 24/05/2026.
- Prestar a colaboración municipal coa dotación de RSU, así como a limpeza de merendeiro e arredores para poder celebrar os xogos, non así no relativo a WCs portátiles.
- Autorizar a instalación dun inchable, condicionado a que deberá contar con toda a documentación obrigatoria, así como o correspondente seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

56.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO FESTIVO NO CAMPING VALVERDE (OLVEIRA) – Asociación Cultural As Dunas

Visto o escrito presentado por José Manuel Martínez Suárez en representación da **Asociación Cultural As Dunas**, de data 15/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.719), no que solicita autorización para a celebración de evento festivo (Ruta cabalar pola contorna, comida campestre en carpa con pulpeira, sesión de tarde con DJ), o día 01/05/2026, na explanada do antigo bar/Camping Valverde (Olveira); así como reforzo de contedores RSU e servizo de limpeza ao día seguinte ou no luns.

A Xunta de Goberno Local, p or unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A Xunta de Goberno Local queda enteirada da celebración do evento de referencia, non atopando inconveniente, sen prexuízo das correspondentes autorizacións doutras administracións, na celebración do evento festivo (Ruta cabalar pola contorna, comida campestre en carpa con pulpeira, sesión de tarde con DJ), o día 01/05/2026, na explanada do antigo bar/Camping Valverde (Olveira); solicitado pola Asociación Cultural As Dunas.
- Prestar a colaboración municipal con reforzo de contedores RSU e servizo de limpeza.
- Deberá achegar a correspondente declaración responsable cuberta e asinada ao Departamento de Cultura.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

57.- PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DE ESTACIONAMENTOS NA RÚA REVALEIRAS (PALMEIRA)

Queda sobre a mesa a proposta de redistribución de estacionamentos na Rúa Revaleiras (Palmeira) emitido pola Policía Local, de data 19/04/2026.

58.- PROPOSTA DE DOTACIÓN DE RESERVAS DE PMR E UN PASO DE PEÓNS NA RÚA PRAIA DA RIBEIRA (AGUIÑO)



Queda sobre a mesa a proposta de dotación de dúas prazas de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida e un paso de peóns, na Rúa Praia da Ribeira (Aguiño), emitido pola Policía Local, de data 20/04/2026.

59.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTA DA XUVENTUDE (PALMEIRA)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado do Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 22/04/2026, relativo á autorización pata a celebración de Festa da Xuventude en Palmeira, na que expón:

“Recíbese solicitude presentadas por dona Tania Santos Ferrás, en nome da Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira, interesando celebrar a Festa da Xuventude no lugar do Porto de Palmeira o día 30 de abril de 2026 ata ás 5.00 h am do día seguinte. Manifesta que contará con DJ, barra e algún posto de comida. Ao ter lugar na explanada portuaria indica a necesidade de prohibir o estacionamento durante a xornada.

Acompaña recibo de pago da Póliza RC en vigor ata o 21/06/2026.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.



- **Asumir a responsabilidade polos danos ou incendios que se poidan producir.**

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria (ocupación de ocupación de espazo de dominio público portuario entre outros).

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- **Autorizar a celebración da Festa da Xuventude en Palmeira ó 30 de abril de 2026.**
- **Establecer un horario límite da actividade ata as 4:00 h do día seguinte.**
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de servizo de limpeza os días de festa.**
 - **Sinais de tráfico e valado temporal.**

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración das **Festa da Xuventude en Palmeira o 30 de abril de 2026.**
- Establecer como **horario límite** das actividades ata ás **4:00 h** do día seguinte.
- Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

60.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9911 22.04.2024 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS AVDA CORUÑA, 80. MELLORA DE ACCESIBILIDADE. (2024 COMU000157)

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:55 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

